



1

**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**

*Avenida de Castelao, 20, baixo*

*15.704 Santiago de Compostela*

*Tfno e fax: 981-570099*

*Correo-e: [adega@adega.gal](mailto:adega@adega.gal)*

*Páxina electrónica: [www.adega.gal](http://www.adega.gal)*

## **DOCUMENTO DE ALEGACIONES**

XXXXXXXX (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), CIF XXXXX, con domicilio a efectos de notificación na Avenida de Castelao, 20, baixo, 15704 Santiago de Compostela, en representación desta entidade, presenta ao proxecto “Actualización do proxecto de construción Autovía AG-59. Treito: A Ramallosa - Enlace PO-841” as seguintes,

### **ALEGACIONES**

#### **1. Afeccións aos espazos protexidos e ao patrimonio natural. Perda de biodiversidade**

O trazado do treito da AG-59 afectan ao espazo protexido **Zona de Especial Conservación (ZEC) do “SISTEMA FLUVIAL ULLA-DEZA”**, declarada o 31 de marzo de 2014, polo Decreto 37/2014, formando parte da REDE NATURA 2000 e a 600 metros de “A Burga” catalogada como LIC (Lugar de Interese Comunitario). A construción dun viaducto 40 metros con 4 carrís e un paso inferior, perxudicarían irreversiblemente á biodiversidade e os seres vivos de hábitats ESPECIALMENTE protexidos como os **bosques aluviais** de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Código UE 91 E0)\*, *Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*; **Carballeiras galaico-portugueses** con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*; e ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*, pasteiros xerofíticos Mediterráneos de vivaces e anuais (Código 6220).

454,95 Ha de especies arbóreas autóctonas e 1.934, 27 de cultivos e prados, a perda de diferentes ecosistemas tamén afectará á biodiversidade da zona.

A construción desta autovía incumpre as esixencias establecidas na normativa estatal e europea, Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos

hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, e a Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que impón a obriga xurídica de evitar o deterioro dos lugares da Rede Natura 2000, contribuíndo a deter a perda de biodiversidade.

**Os viadutos polo río Veá e Santa Lucía** con varios pasos inferiores e superiores, pasarán por numerosos roteiros e espazos naturais da zona como a **Ruta dos Muiños do Río Veá, en Couso** (o viaducto pasaría por riba de 10 muiños) e outras de gran valor cultural e patrimonio histórico. A ruta dos muiños de Veá recupérase mediante a creación dun proxecto de custodia do territorio durante os anos 2011 a 2013 a través do GDR 20. Este proxecto foi financiado con Fondos FEADER baixo o nome “ Creación dunha rede de custodia fluvial nas bacías do Ulla, Umia e Lerez”. Durante as actividades realizadas nestas zonas identificouse unha colonia de morcego pequeno de ferradura *Rhinolophus hipposideros*, que segundo a lista elaborada polo organismo internacional para a Conservación da natureza (UICN) está catalogada como case ameazada (NT). Esta especie está ligada a construcións humanas e foi identificada no interior dun muiño deste roteiro. Precisamente a principal ameaza é a destrución de habitat, dende logo a construción do viaducto vai a interferir na caza de presas afectando negativamente a súa poboación.

- A desaparición nas zonas afectadas do bosque de ribeira, degradará as marxes do río facendo as poboacións máis vulnerabeis e polo tanto aumentando o risco de inundación. Aumentará a probabilidade de inundación en poboacións situadas augas abaixo.

- A destrución de habitat o movemento de terras e a falta de protocolo de prevención no manexo da maquinaria será unha porta aberta para a entrada de especies de flora exótica invasora na contorna, degradando máis a ribeira do río. A presenza de especies exóticas invasoras é a segunda causa de perda de biodiversidade a nivel mundial.

Por outra banda, a modificación do perfil xeomorfolóxico causado polos movementos de terras, xunto co impacto visual permanente da infraestrutura construída, provocará unha merma importante na calidade da paisaxe, con efectos sinérxicos negativos ao engadirse ás plantacións de eucaliptos e piñeiros e á dispersión poboacional da contorna, derivada dun déficit de xestión no ordenamento territorial.

## **2. Falla de xustificación da infraestrutura proposta**

A A-59 é unha infraestrutura que nace sen demanda social, xa que o tráfico de alta capacidade da comarca podería ser absorbido polo actual trazado da AP-9. Deste xeito, a gratuidade e a eliminación das peaxes da Autoestrada do Atlántico potenciaría o seu uso a nivel comarcal, facendo aínda máis prescindible o novo trazado da A-59 e desconxestionando as estradas locais. Sen esta presión, a xustificación desta obra carece aínda máis de fundamento.

**A existencia dunhas infraestruturas actuais suficientes**, xa que a diferenza no traxecto de Santiago ata A Estrada tras toda esta inversión (material, económica, ambiental e humana) calcúlase nun aforro aproximado de 5 minutos en 7,5 kilómetros que pasarían por parte do rural

dos Concellos de Teo e da Estrada, entre as provincias de A Coruña e Pontevedra. Poderían **estudarse outras alternativas para diminuír o tráfico**, como reducir ou quitar os peaxes da autopista AP-9 para os vehículos que van dirección Cuntis-Vilagarcía-Pontevedra; aproveitar outras estradas e pontes xa construídas; fomentar o transporte público e colectivizar o transporte como medida clave para reducir a pegada ecolóxica... entre as múltiples opcións que existen menos daniñas para o medio. Recordamos que todo o Concello da Estrada só ten 20.479 habitantes dos cales unha % moi pouco representativa fai un traxecto diario a Santiago de Compostela.

### **3. Presenza de *Dryopteris guanchica* na área afectada polo Proxecto de Autovía A-59 A Ramallosa - PO-841**

En visita realizada o 29 de Decembro de 2020, o biólogo titulado Martiño-Fiz López Lindoso, constatou a presenza na área afectada polo proxecto da especie protexida polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas coa categoría Vulnerable "*Dryopteris guanchica*".

Foron establecidas as coordenadas exactas da localización (42.752223° N, -8.537722° W), así como se recolleu mostra das plantas que foi depositada no Herbario SANT da Universidade de Santiago de Compostela.

Incluíuse tamén esta cita na páxina web biodiversidade.eu onde foi validada por expertos na identificación desta especie concreta.

Posteriormente, o día xxxx, Miguel Serrano, profesor de Botánica da Universidade de Santiago e María Rodríguez, bióloga de ADEGA desprazáronse e ate o lugar da cita, comprobou os espécimens "in situ" e constatou as coordenadas exactas que están a uns 25 metros de distancia do paso do proxecto de autovía por esta localización de *Dryopteris guanchica*.

Queda demostrada a presenza da especie *Dryopteris guanchica* na área de estudo deste EIA, o cal non foi detectado por este traballo, o que evidencia unha falta de intensidade de mostreo e/ou de calidade do traballo realizado.

Os impactos ambientais sobre esta especie son INCOMPATIBLES coa realización deste proxecto coa alternativa de trazado escollida pola destrución do hábitat inmediato que sustenta esta especie protexida.

Calquera outra alternativa de trazado que se escolla necesariamente debe pasar de novo polo trámite de "Avaliación de Impacto Ambiental" e deben ser realizados os correspondentes estudos de vexetación e Inventario Florístico dos novos trazados.

Estes estudos deben facerse con maior rigor que os que presenta este Estudo de Impacto Ambiental que non foi capaz de detectar a presenza desta especie protexida, a pesar de ser un dos principais obxectivos dos Estudos de Impacto Ambiental segundo a lexislación vixente.

### **4- Presenza de *Narcissus cyclamineus* (Catálogo Galego de Especies Ameazadas - Categoría: Vulnerable)**

No capítulo de Flora de Interese (páxina 31 da memoria do Estudo de Impacto Ambiental) non se menciona en ningún lugar a especie protexida polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas, *Narcissus cyclamineus*, que se atopa presente na área do proxecto. Esta especie ten o seu hábitat en zonas ribeira de ríos e regatos por onde discurre a alternativa escollida para o proxecto de Autovía A-59 A Ramallosa - PO-841 como por exemplo o paso polo Río Santa Lucía, Río Ulla, e Río Veá. Todas estas son áreas protexidas pola Rede Natura 2000 da Unión Europea. Neste estudo de impacto ambiental non foi estudada a presenza na zona desta especie protexida. Esta especie debe ser estudada e establecidos os seus impactos ambientais, así como a medidas correctoras correspondentes, tal e como establece a lexislación vixente en materia de impacto ambiental:

*Lei 21/2013 de Avaliación de Impacto Ambiental: Páxina 9, Preámbulo*

*"A obriga principal que establece a lei é a de someter a unha axeitada avaliación ambiental todo plan, programa ou proxecto que poda ter efectos significativos sobre o medio ambiente, antes da súa adopción, aprobación ou autorización"*

A especie, *Narcissus cyclamineus* so está activa vexetativamente entre finais de febreiro e principios de abril, polo tanto, os estudos necesarios, deben realizarse cando corresponde ao período de floración desta especie, único no que é posible a súa identificación.

## **5. Inventario Florístico presentado na Memoria do Estudo de Impacto Ambiental**

Na memoria do EIA, NON consta o Inventario de Especies Vexetais, tal e como SI aparece o Inventario das especies de fauna (páxina 45 da Memoria do EIA).

Debe realizarse un Inventario Florístico da área do proxecto no que consten as especies vexetais presentes da área de estudo.

No apartado "Vexetación actual" da páxina 27 da Memoria do EIA, noméanse un total de 48 especies vexetais, practicamente todas de presenza común e ubíquas en todo o territorio galego.

O 29 de Decembro de 2020 realizouse por parte de ADEGA un traballo de inventariado de 4 horas de duración, durante un día invernal, de parón vexetativo para a maioría das especies vexetais, so nunha pequena parte da área de estudo deste EIA (Zona do Río Veá)

Fon identificadas un total de 72 especies. Outras 29 especies distintas non puideron ser identificadas ate o nivel de especie pero si constatada a súa presenza.

Inventario florístico da mostraxe de ADEGA no Río Veá, efectuado o 29 de decembro de

2020: ESPECIES IDENTIFICADAS: 72

Relación de especies:

<i>Acacia dealbata</i>	<i>Eucalyptus globulus</i>	<i>Polypodium cambricum</i>
<i>Acer pseudoplatanus</i>	<i>Eucalyptus nitens</i>	<i>Polystichum setiferum</i>
<i>Agrostis curtisii</i>	<i>Eupatorium cannabinum</i>	<i>Potentilla erecta</i>
<i>Arum italicum</i>	<i>Frangula alnus</i>	<i>Primula veris</i>
<i>Asplenium billotii</i>	<i>Geum urbanum</i>	<i>Prunella vulgaris</i>
<i>Asplenium onopteris</i>	<i>Glandora prostrata</i>	<i>Pteridium aquilinum</i>
<i>Athyrium filix-femina</i>	<i>Halimium lasianthum subsp alyssoides</i>	<i>Quercus robur</i>
<i>Betula celtiberica</i>	<i>Hedera hibernica</i>	<i>Quercus suber</i>
<i>Blechnum spicant</i>	<i>Heracleum sphondylium subsp granatense</i>	<i>Ranunculus ficaria</i>
<i>Calluna vulgaris</i>	<i>Hypericum androsaemum</i>	<i>Robinia pseudoacacia</i>
<i>Cardamine hirsuta</i>	<i>Ilex aquifolium</i>	<i>Rumex acetosa</i>
<i>Castanea sativa</i>	<i>Lamium maculatum</i>	<i>Ruscus aculeatus</i>
<i>Chelidonium majus</i>	<i>Laurus nobilis</i>	<i>Salix atrocinerea</i>
<i>Cistus psilosepalus</i>	<i>Luzula sylvatica subsp henriquesii</i>	<i>Saxifraga spathularis</i>
<i>Conyza canadensis</i>	<i>Mentha suaveolens</i>	<i>Senecio vulgaris</i>
<i>Cordyline australis</i>	<i>Omphalodes nitida</i>	<i>Solanum chenopodioides</i>
<i>Corylus avellana</i>	<i>Osmunda regalis</i>	<i>Sonchus oleraceus</i>
<i>Crataegus monogyna</i>	<i>Oxalis acetosella</i>	<i>Sporobolus indicus</i>
<i>Daboecia cantabrica</i>	<i>Pentaglottis sempervirens</i>	<i>Teucrium scorodonia</i>
<i>Dactylis glomerata</i>	<i>Phytolacca americana</i>	<i>Trachycarpus fortunei</i>

<i>Dryopteris affinis</i>	<i>Picris hieracioides</i>	<i>Tradescantia fluminensis</i>
<i>Dryopteris dilatata</i>	<i>Pinus pinaster</i>	<i>Ulex gallii subsp gallii</i>
<i>Dryopteris guanchica</i>	<i>Plantago coronopus</i>	<i>Umbilicus rupestris</i>
<i>Erica cinerea</i>	<i>Plantago lanceolata</i>	<i>Urtica dioica</i>

**ESPECIES PRESENTES sen identificación exacta na data de mostraxe: 29**

<i>Anarrhinum Lotus</i>
-------------------------

*Angelica sylvestris Oenanthe sp.*

<i>Aphanes sp. Ornithopus compressus</i>
--

<i>Carex sp. Phyllostachys nigra</i>
--------------------------------------

<i>Corydalis sp. Polypodium sp. 2</i>
---------------------------------------

<i>Cupressus macrocarpa Rosa sp.</i>
--------------------------------------

<i>Cytisus striatus Rubus sp.</i>
-----------------------------------

<i>Digitalis sp. Setaria sp.</i>
----------------------------------

<i>Euphorbia amygdaloides Stachys officinalis</i>
---

<i>Galium sp. Stellaria holostea</i>
--------------------------------------

<i>Geranium molle Veronica sp.</i>
------------------------------------

<i>Geranium sp. 2 Vicia sp.</i>
---------------------------------

<i>Hypericum sp.</i>
----------------------

<i>Hypochaeris sp.</i>
------------------------

<i>Linaria triornithophora</i>
--------------------------------

Os datos presentados indican que o traballo de mostreo de campo realizado por ADEGA nunha soa mañá (4 horas), na época de maior parón vexetativo do ano (29 de Decembro de 2020), en condición climáticas adversas (chubascos), sobre unha pequena área da zona do proxecto, e realizado por unha soa persoa, identificou 24 especies vexetaris máis que toda a Memoria do EIA (Un 50% exacto, de maior número de especies identificadas inequivocamente) e 53 especies vexetais máis con presenza (Un 110% máis de especies realmente presentes que as detectadas polo EIA).

Por outra parte neste listado de ADEGA aparecen, ademais de especies comúns e ubíquas, outras máis escasas e mesmo endémicas do Noroeste da Península Ibérica como por exemplo *Saxifraga spathularis* e *Luzula sylvatica* subsp *henriquesii*. Unha situación moito máis normal que unicamente especies ubíquas.

En conclusión, todos os datos presentes nestas alegacións evidencian que o mostreo e identificación de especies vexetais, desta memoria do EIA, non ten a calidade suficiente para avaliar o Impacto Ambiental real deste proxecto e, debe ser realizado de novo cun maior rigor e intensidade de mostreo sexa cal sexa a alternativa escollida para este proxecto.

#### **6.- Presencia de *Unio delphinus* e *Potomida littoralis* na área afectada polo Proxecto de Autovía A-59 A Ramallosa – PO-841**

As especies de mexillón de auga doce *Unio delphinus* e *Potomida littoralis* catalogadas como especies vulnerables no Catálogo Galego de Especies Ameazadas están presentes no río Ulla na zona de Pontevea. Tamén se detectou a presenza de *Margaritifera margaritifera*, especie catalogada como “En Perigo de Extinción”. Estas especies están ligadas á calidade dos ecosistemas acuáticos e soamente se atopan no río Ulla e no río Miño na Galiza. Unha perturbación como a construción da autoestrada podería agravar o seu estado de conservación. Esta información está avalada polo grupo de investigación de conservación de peixes e moluscos da Universidade de Santiago de Compostela. É importante sinalar que este grupo de investigación participou no proxecto de investigación europeo para mellorar o hábitat e favorecer a conservación do mexillón de río chamado Proxecto Life Margal Ulla, desenvolvido no período 2010 – 2015 baixo a coordinación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

En virtude do exposto,

#### **SOLICÍTASE**

1. Que se teña por presentado o este escrito e formuladas as alegacións antes expostas ao ao proxecto “Actualización do proxecto de construción Autovía AG-59. Treito: A Ramallosa - Enlace PO-841”.
2. Que atendendo aos obxectivos da axenda 2030 de desenvolvemento sostible (ODS) e dado o impacto socioambiental da obra, consideren incompatíbel e retiren o antedito proxecto.

Compostela, 30 de decembro de 2020

**A/A CONSELLARÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE DA XUNTA DE GALIZA**